

ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

(DEPARTAMENTO DE FRANCÉS)

IES “O COUTO” (OURENSE)

(2021-2022)

Segundo a Orde do 25 de xaneiro de 2022 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. (DOG venres, 11 de febreiro de 2022).

Período entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final

Cos alumnos/as que superen a materia por avaliacións realizaranse exercicios propostos polo departamento de comprensión e creación de textos de diferentes tipos, tanto orais como escritos. Así mesmo, reforzaranse, entre outros aspectos gramaticais, contidos fundamentais con exercicios prácticos, xogos, aplicación en textos máis amplos e reforzo da lingua oral a través de breves exposicións, diálogos, “jeux de rôle”...

Así pois, con estes alumnos/as coa materia aprobada na terceira avaliación parcial faranse especialmente actividades de reforzo, ampliación e titoría.

Os alumnos/as que teñan superada a materia poden subir as súas cualificacións con actividades que permitan reforzar aqueles obxectivos e competencias nos que pode mellorar o seu nivel de desempeño.

Os/as que fagan estas actividades adecuada e correctamente poden subir a cualificación un 10% na avaliación final.

Cos alumnos/as que non superen a materia por avaliacións levaranse a cabo actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.

Revisaranse “grosso modo” os contidos gramaticais nos que tiveron máis dificultades, que, por suposto, serán indicados convenientemente no breve informe de avaliación individualizado e traballaranse, entre outros, exercicios de comprensión (oral/escrita) e de expresión (oral/escrita).

A metodoloxía, en liñas xerais, adaptada para este curto período de tempo, será a xa establecida na programación didáctica.

Criterios e instrumentos de avaliación.

Revisión do sistema de avaliación e cualificación

Para os alumnos/as que non superaron a materia, as actividades realizadas neste período con interese, motivación, boa actitude e afán por mellorar terán un valor dun 30% na

avaliación final. O exame final (oral/escrito), que será sobre os contidos que o departamento considera fundamentais e que o alumnado coñece, terá un valor dun 70%.

Cómpre subliñar neste apartado da avaliación que, seguindo as instrucións desta Orde, para permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado, o departamento promoverá, por suposto, o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.

Acreditación da información

Todas as actividades, incluídas as estratexias metodolóxicas, comprendidas entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final (apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría) serán comunicadas ao alumnado suspenso cun breve informe de avaliación individualizado elaborado polo profesorado que servirá de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación.